

Ensino mixto, indicacións para o alumnado, curso 2023/24

Cuestións previas

- No IES A Xunqueira II traballamos coas ferramentas corporativas da Consellería para o desenvolvemento do ensino mixto (ben sexa presencial, semipresencial ou a distancia) tales como o EVA-Edixgal e a aula virtual, o sistema de videoconferencias Webex meetings, abalarMóbil e EspazoAbalar (comunicacións coa comunidade educativa) e webs dinámicas (web do centro).
- **A ESO xestiónase a través do espazo virtual de aprendizaxe do Edixgal** (en adiante EVA-Edixgal) ao que se pode acceder coa seguinte ligazón → <https://eva.edu.xunta.ga.l/>
 - Independentemente que a nosa materia sexa EDIXGAL ou teñamos libro de texto en soporte papel esta é a plataforma a utilizar para estes niveis.
- **O bacharelato xestiónase a través da aula virtual** do centro (en adiante AV-IX2) á que se pode acceder coa seguinte ligazón → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>
- **A maiores xestiónase na AV-IX2** os seguintes apartados **para tódolos niveis**:
 - Alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO, e 2º de bacharelato con materias pendentes
 - Innovación educativa
 - Orientación

Acceso ás distintas plataformas (credenciais)

- EVA-Edixgal → <https://eva.edu.xunta.gal/>



- As credenciais de alumnado xéranse automaticamente desde secretaría e serán distribuídas desde a dirección a través das persoas titoras ou directamente nas clases na 2ª quincena de setembro.
- O usuario ben definido pola Consellería e non se pode cambiar.
- Para o contrasinal tes un primeiro acceso con cambio forzado para que elixas o que estimes oportuno. É importante non elixir un “ao chou” xa que logo non vos lembrades.
- É conveniente que memorices estes datos pois, ás veces, o deixas gardado no portátil edixgal e logo cando tes que acceder desde outro equipo ou logo dunha substitución xa non te lembrás.
- **No caso de que esquezas a túa credencial, consulta a calquera profesorado** das materias **edixgal** e procederá a restaurala á inicial facilitada. Se non lembrás a inicial cha pode facilitar o mesmo profesorado ou mesmo nas oficinas che imprimirán de novo a

folla de credenciais entregada a principios de curso.

• AV-IX2 → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>

- Desde as oficinas, durante o proceso de matrícula, se dan de alta a tódolos usuarios do centro (alumnado e profesorado) coas credenciais anteriormente indicadas.



○ **Credenciais do alumnado**



1. Usuario → nome.apellido1.apellido2 (os artigos van xuntos)

- Exemplo 1 → luis.perez.fernandez *Pérez *Fernández
- Exemplo 2 → luis.delafuente.pineiro *De La Fuente * Piñeiro

2. Contraseñal

- 1º acceso → 12345
- 2º acceso e seguintes → O que teñas definido, quedando permanente.

3. **Ante calquera problema de acceso** (usuario descoñecido, contrasinal erróneo, esquecido ou bloqueado...) **consulta nas oficinas durante os períodos de lecer.**

4. Dada a proliferación de **dispositivos electrónicos** tales como teléfonos **móviles e tablets**, tamén se pode acceder desde a **app moodle en Android e IOS.**

- Poderemos acceder como estudante e/ou profesor podendo conectar múltiples aulas virtuais se o precisamos (Platega, UNED...).

Pontevedra, 5 de Setembro de 2023

Asdo.: A director

D. Juan Carlos Pérez Mestre